

Resumo

A validez de corrección refírese a resultados que son estables ao longo do tempo e consistentes en termos da mostraxe de contido á vez que libres de sesgo (Weir, 2005, p. 23). A validez de corrección baséase na aplicación de criterios de cualificación axeitados e representativos, o consenso na cualificación, a eliminación do erro de medición e a estabilidade no tempo, xerando confianza como indicadores fiables de toma de decisións (Weir, Vidaković, & Galaczi, 2013, p. 195). Aínda que a variabilidade da corrección en destrezas produtivas é inherente á subxectividade do proceso posto que implican a participación do individuo, a variabilidade aleatoria na corrección pode conducir a unha falta de consistencia por parte do avaliador (Barret, 1999) con consecuencias nefastas para o candidato. A formación de correctores preséntase como a solución á hora de evitar erros aleatorios na corrección (Weigle, 1994, 1998) mantendo a individualidade do corrector, o candidato e a tarefa do exame.

Este obradoiro pretende introducir os principios da formación de correctores mediante un proceso en catro pasos nos que os participantes tomarán parte en actividades de:

1. Familiarización coas escalas de corrección e alineación da escala co MCER.
2. Identificación de erros de corrector
 - a. Peculiaridades da corrección da expresión escrita
 - b. Peculiaridades da corrección da expresión oral
3. Utilización da escala e identificación dos seus descritores en producións de candidatos
4. Estandarización de producións e “Gold standards”